1 xuño_Sala Ángel Brage, Auditorio de Galicia, 20.30 h

CARTOGRAFÍA DO PLURAL. Mestres en acción. Rosa Fernández, comentarios ao programa, 19.30 a 20.15 h

Georg Friedrich Haas (1953): *La Profondeur* (2009) (Estrea en España)

Kaija Saariaho (1952): *Solar* (1993)

Fabián Panisello (1963): *Solstice* (2013)

Steve Reich (1936): *City Life* (1995)

Check it out // Pile driver/alarms // It's been a honeymoon – can't take no mo' // Heartbeats/boats & buoys // Heavy smoke

JONDE FOCUS (SÉCULOS XX/XXI)

ENSEMBLE 1 (Orde alfabética)

Violíns: Ema Alexeeva*, Pablo Cuenca Abad, Jorge Génova Roldán, Victoria Martínez Díaz, Manuel Merino Almazán
Violas: Javier Cubillas Olmo, Alberto García Pérez, Mari Pau Navarro Bolinches
Violoncellos: María José Angulo Bravo, Ángela Edo Biol, Mikolaj Konopelski *
Contrabaixos: Adrián Rescalvo García, Uxue Sansiñena Blanco
Frautas: Pablo Alcántara Martínez, Rui Borges *, Carlos Cascales Serrano
Óboes: Roger Borrás Bofarull, Ignacio Cano Raboso
Clarinetes: Bernat Buzzi Teixidó, Xabier Gullón Elgarresta, Antonio Lapaz*, Xocas Meijide* (clarinete contrabaixo)
Saxofón: Andrés Gómis*
Fagot: Esteban García Vidal
Contraforte: Lucas Rössner*
Trompas: Jesús Díez Gallego, Carlos Garre Aniorte, Elies Moncholi*
Trompetas: Jesús Gómez Tórtola, Alberto Antonio Romero López
Trombón baixo: David Beltrán Galindo
Percusión: Guifre Balasch Ambrós, César Peris*, Arturo Reina Gómez
Arpa: Bleuenn Le Friec
Acordeón: Garazi Navas Mundiñano
Pianos: Alfonso González Martínez, Llorenç Prats Boscà, José Luis Romero, Dimitri Vassilakis*

(*) Músicos integrantes do equipo artístico e académico da JONDE

O compositor austríaco **Georg Friedrich Haas** está considerado un dos máis importantes da súa xeración adscrito á corrente do espectralismo. Estudou composición con Gösta Neuwirth e Ivan Eröd e piano con Doris Wolf. Completou a súa formación na Hochschule für Musik de Viena con Friedrich Cerha, nos cursos de Darmstadt e nunha estadía de Composición e Informática no IRCAM de París. Foi profesor na Facultade de Música e Artes escénicas de Graz, despois en Basilea; sendo compositor en residencia en distintas orquestras e institucións (entre elas, o Festival de Lucerna). Desde 2013, é profesor de Composición na Universidade de Columbia en Nova York. Entre outros moitos recibiu o Sandoz Prize en 1992, Premio de Composición Sinfónica de SWR, Premio da Música da Cidade de Viena e Premio da Música de Salzburgo. O estilo compositivo de Haas ven caracterizado polo uso da micropolifonía, os microintervalos, a explotación da serie de sobretons e a experimentación cos sons, rexeitando os que proceden da tradición que nace dos intervalos derivados da escala diatónica. En *La Profondeur*, Haas só utiliza instrumentos do rexistro grave orquestral creando unha oscuridade moi particular na que é difícil distinguir as cores individuais, e dando a sensación de que os instrumentos loitan polo seu espazo nunha textura saturada.

Formada en arte e deseño na Universidade de Helsinki, **Kaija Saariaho**, deuse a coñecer internacionalmente grazas á súa música que explora as posibilidades da electrónica. Estudou na Academia Sibelius con Paavo Heininen, e en 1983 diplomouse na Escola Superior de Música de Friburgo con Brian Ferneyhough e Klaus Huber. No IRCAM en París formouse en música por ordenador incorporándoo ás súas creacións como parte esencial da súa técnica. Co seu particular uso do ordenador, a compositora analiza as cores tonais, modificándoas e acadando así nas súas pezas unha "fría beleza propia do firmamento nórdico", segundo algúns críticos musicais. A natureza está moi presenta na obra de Saariaho como xeradora de conceptos sonoros e un deses traballos é *Solar*: o vento solar amplifica partículas e plasma polo espazo facendo que o campo magnético do Sol, chegue ata os límites da Terra. Así, durante un tempo (entre una e seis horas), as partículas solares vagan pola ionosfera chocando coas partículas terrestres, entrelazándose e transferindo enerxía entre elas. Esta simplificada e moi esquemática explicación pode indicar como as cores arrubiadas, azuis e verdes chegan aos ollos cando ten lugar unha aurora boreal nas rexións máis preto dos polos terrestres. E ademais é a teorización científica que fascinou a Saariaho para crear esta peza baseada nun material bastante limitado sometido a re-lecturas diversas, xerando fortes contrastes harmónicos, tímbricos e rítmicos.

Fabián Panisello comezou estudando piano e violín, descubrindo que quería ser compositor. Desde o seu Bos Aires natal viaxou a Austria cunha bolsa do Mozarteum onde foi alumno de grandes como Elliott Carter, Franco Donatoni, Brian Ferneyhough, Luís de Pablo e Peter Eötvös. Instálase en Madrid para exercer como compositor, profesor e director-artístico e musical- do Plural Ensemble e da Escuela Superior de Música Reina Sofía, onde segue sendo catedrático de composición. As súas obras son interpretadas nos mellores festivais, por grandes orquestras e personalidades como Pierre Boulez, Luciano Berio ou Karlheinz Stockhausen. É compositor residente e profesor de composición en festivais e academias arredor de todo o mundo. Nunha viaxe á Patagonia en 2012, Panisello asistiu á celebración da chegada do solsticio de verán que ten lugar alí e el mesmo relata esta experiencia: "Os concorrentes tocaban instrumentos autóctonos de percusión e de vento de diferentes partes do mundo e, ao alcanzar a reunión, xa moi avanzada a noite tamén se sumaron cuncas de cuarzo de distintos tamaños con incribles resonancias e con sorprendentes espectros harmónicos... Facendo abstracción desta materia prima, decidín elaborala en combinación cunha trama harmónica e motora complexa, dándolle un lugar privilexiado á gama grave do rexistro, representando a compoñente vibratoria e os sons fundamentais do material aludido. Instrumentos como o clarinete contrabaixo, saxofón baixo e en particular o contraforte teñen un lugar especial no son desta obra que tomou derivacións novas e inesperadas, aínda que implícitas en orixe, durante o proceso de composición".

O neoiorquino **Steve Reich**, un dos principais representantes do minimalismo, estudou Filosofía na Universidade de Cornell e composición con Hall Overton, e despois con William Bergsma e Vincent Persichetti na Juilliard School, onde coñece a Philip Glass. No Mills College estuda composición con Milhaud e Berio e sendo o seu alumno, Reich desmárcase da liña trazada a partir da Segunda Escola de Viena e súmase á viaxe propia da música contemporánea americana. Reich explica o seu afastamento: “Fíxenme compositor porque encantábanme Stravinski, Bach, o altomedieval Pérotin, o músico de *jazz* Coltrane, Miles Davis, o *bebop*… así que empecei a seguir a música que amaba”. Tamén se interesa polas culturas africana e asiática, pola cultura pop e por outras relixións como o xudaísmo ademais de preocuparse polas circunstancias políticas e sociais que o rodean. Multipremiado arredor do mundo, as súas obras son interpretadas polas mellores formacións musicais e son recoñecidas pola súa linguaxe que combina rigorosas estruturas facendo do ritmo a súa principal característica e desenvolvendo un contrapunto baseado tamén en valores rítmicos. *City life* é un prototipo de música repetitiva e un resumo dos procedementos que caracterizan a creación do autor. Escrita en 5 movementos nunha disposición simétrica, para instrumentos e *samplers*, recolle os sons de Nova York (motores, bucinas, sirenas, o metro, xente...) gravadas polo propio Reich. Cada movemento identifícase polo contido dos *samplers* utilizados neles: os dous movementos impares baséanse na palabra, o segundo e o cuarto son meramente rítmicos mentres o primeiro comeza e remata cun tema non rítmico e no quinto aparecen conversas dos bombeiros tras o atentando ao World Trade Center de 1993. A obra foi un encargo de tres dos máis importantes ensembles europeos: Modern Ensemble, London Sinfonietta e Ensemble Intercontemporain.

Descargue aquí a música deste concerto:

https://open.spotify.com/playlist/4FMZubm5hviqtEelClCCB7